



DATOS IDENTIFICATIVOS

Comunicación nos medios (en español e galego)

Materia	Comunicación nos medios (en español e galego)			
Código	V01G160V01902			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado	Rodríguez Barcia, Susana			
Correo-e	barcia77@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Comunicación nos medios (en español e galego) busca dar a coñecer aos discentes a repercusión que os medios de comunicación audiovisuais e escritos teñen en diferentes ámbitos sociais e lingüísticos como a construción da identidade social, a creatividade e difusión lingüística ou no relativo á súa capacidade para prestixiar variedades e usos lingüísticos determinados. Nesta materia tamén se ofrecerán as bases metodolóxicas fundamentais para que os alumnos e alumnas realicen análises sistemáticas e críticas do discurso en galego e español presente na actualidade nos medios de comunicación.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A10	Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación

B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Capacitar aos discentes para que poidan analizar lingüisticamente o discurso (en español e galego) presente nos medios de comunicación audiovisuais, escritos e dixitais.	A4 A5 A9 A13	B3
Proporcionar as bases teóricas e metodolóxicas precisas para realizar análises sistemáticas e rigorosas das diferentes manifestacións discursivas presentes nos medios de comunicación desde unha perspectiva crítica.	A1 A6 A7 A8	B2 B3
Capacitar aos alumnos e alumnas para que identifiquen os mecanismos lingüísticos que materializan a construción dos procesos de exclusión social a través dos medios de comunicación.	A8 A10 A12	B1 B4
Dar a coñecer os distintos xéneros xornalísticos e as súas características lingüísticas.	A5 A13	B1
Dar a coñecer as características e ferramentas narrativas da linguaxe audiovisual.	A4 A8	B4
Proporcionar conciencia crítica en canto á repercusión dos medios de comunicación na construción da identidade social e no seu papel como ferramentas para prestixiar determinadas variedades e usos lingüísticos.	A1 A7 A10 A11 A12	B3

Contidos

Tema	
BLOQUE 1. OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E AS LINGUAS NA SOCIEDADE ACTUAL	1. Percorrido histórico 2. A relevancia dos medios de comunicación na sociedade da información 3. Sociolingüística dos medios de comunicación (situación actual) 3.1. A radio 3.2. A televisión 3.3. O cine 3.4. A prensa 3.5. Internet
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN E MEDIOS AUDIOVISUAIS	1. Características e ferramentas da narración audiovisual 2. Características lingüísticas e discursivas en relación cos distintos medios audiovisuais 3. Xéneros audiovisuais 3.1. Xéneros en función do contido 3.2. Xéneros en función do medio 4. A diversidade lingüística no audiovisual en Galicia
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN E MEDIOS ESCRITOS	1. O grafiti como comunicación escrita 2. A prensa 2.1. Características lingüísticas da linguaxe xornalística: a redacción nos xornais 2.2. Os xéneros xornalísticos: -Editorial -Cartas ao director -Noticias -Reportaxe -Crónica -Columna de opinión -Entrevista

BLOQUE 4. COMUNICACIÓN E MEDIOS DIXITAIS (INTERNET)	1. Internet na sociedade da información: influencia, dispositivos e accesibilidade. 2. Lingua e comunicación dixital 2.1. Características da ""ciberlinguaxe"" 2.2. Aspectos sociolingüísticos 3. Comunicación e redes sociais
BLOQUE 5. MEDIOS DE COMUNICACIÓN E EXCLUSIÓN SOCIAL	1. Concepto de exclusión social 2. Responsabilidade socializadora dos medios de comunicación 3. Mecanismos lingüísticos de exclusión social a través dos medios

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3.2	5.2
Sesión maxistral	16	30.4	46.4
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	38	58
Traballos tutelados	8	20	28
Debates	4	6.4	10.4
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	O obxectivo fundamental das actividades introdutorias é recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes. Ademais da presentación da materia farase unha pequena proba inicial non puntuable na avaliación final que servirá como valoración de nivel.
Sesión maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e fontes de información. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos ilustrativos que aseguren a adecuada comprensión.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade práctica. Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para consolidar coñecementos teóricos.
Traballos tutelados	Actividade práctica. Os traballos tutelados estarán dirixidos a través das titorías concertadas cos discentes. Nestes traballos trátase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para xestionar grandes traballos e proxectos (por exemplo, analizar os recursos lingüísticos dun corpus extraído da prensa, etc.). Nas clases presenciais se ofrecerá a metodoloxía de análise así como as recomendacións formais para a presentación de traballos académicos.
Debates	Actividade práctica. A finalidade dos debates será activar a reflexión crítica por parte dos alumnos e alumnas. Tamén será importante para mellorar as estratexias comunicativas orais, sobre todo no relativo á construción de argumentacións sólidas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	No relativo á realización dos traballos tutelados e á resolución de exercicios, a docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos).
Traballos tutelados	No relativo á realización dos traballos tutelados e á resolución de exercicios, a docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos).

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Nestes traballos trátase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para xestionar grandes traballos e proxectos. Os traballos tutelados estarán dirixidos a través das titorías e horas adicionais de atención personalizada concertadas cos discentes. O obxectivo será avaliar os recursos para a redacción formal, a capacidade analítica e a xestión do traballo. A temática e as características formais dos traballos constarán nun documento de indicacións que será entregado nas dúas primeiras semanas do curso.	50

Debates	A finalidade dos debates será activar a reflexión crítica por parte dos alumnos e alumnas. Tamén será importante para mellorar as estratexias comunicativas orais, sobre todo no relativo á construción de argumentacións sólidas. Serán propostos catro debates cunha duración prevista dunha hora cada un. Os temas se plantearán nas sesións maxistrais con antelación suficiente para que os discentes poidan preparalos adecuadamente.	20
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	Consistirá nun exame no que terán cabida preguntas de carácter teórico e de tipo práctico. Esta proba terá en conta todos os temas recollidos no temario e impartidos durante o curso.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (Maio-xuño)

Avaliación continua

A condición para ser avaliado nesta modalidade será a asistencia a un mínimo do 80% das clases. É obrigatorio realizar e entregar no prazo establecido o traballo escrito e participar nos debates propostos. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo non se avaliarán.

A cualificación na primeira edición de actas dos alumnos e alumnas que opten pola avaliación continua corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso.

Avaliación única

Se algunha alumna ou alumno non se pode acoller á avaliación continua por motivos xustificadas, deberá comunicalo ao comezo do cuadrimestre. Nese caso, a avaliación poderá realizarse mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, no que a nota constituirá o 100% da cualificación final.

Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre, nunha data que será acordada entre profesor e alumnado con antelación suficiente. A data desta proba coincidirá na primeira edición das actas coa data na que se realizará o exame para os discentes que opten pola avaliación continua.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito á asistencia. Recoméndase ao alumnado que escolla esta modalidade de avaliación que consulte regularmente os documentos que se irán colgando en Faitic.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo)

Na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo exclusivamente mediante un exame único, baseado nos contidos da materia. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Os alumnos e alumnas que non acadasen o aprobado na modalidade de avaliación continua e que se presenten nesta oportunidade de xullo deben ter en conta que non se gardarán en ningún caso as notas do traballo escrito e dos debates.

3. OUTRAS OBSERVACIÓNS

Nos alumnos e alumnas de avaliación continua, no caso de que tras a avaliación conxunta sexan necesarios ata 0,25 puntos para superar a materia, terase en conta a asistencia e participación regular e activa na clase.

Os estudantes Erasmus poderán realizar as probas coa axuda dun dicionario.

Tanto no exame coma no traballo escrito e no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. con ata 0,25 puntos por cada falta.

Bibliografía. Fontes de información

Arroyo Almaraz, Antonio (coord.), **La lengua española en los medios de comunicación y en las nuevas tecnologías**, Madrid: Laberinto,

Ballester, Fernando, **La brecha digital: el riesgo de exclusión en la sociedad de la información**, Madrid: Fundación Retevisión,

Briz Gómez, Antonio, **¿Cómo se comenta un texto coloquial?**, Barcelona: Ariel,

Cantavella, Juan y José Francisco Serrano, **Redacción para periodistas: opinar y argumentar**, Madrid: Universitat,

Lorenzo Suárez, Anxo; Fernando Ramallo y Håkan Casares Berg, **Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia**, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega,

Parker, Philip (trad. Jorge Conde), **Arte y ciencia del guión**, Barcelona: Ma Non Troppo,

Rojo, Guillermo et alii, **As Linguaxes dos medios de comunicación escritos en Galicia**, Santiago de Compostela: Lea,

Rojo, Guillermo y Mercedes Sánchez, **El español en la red**, Barcelona: Ariel,

Tubau, Daniel, **El Guión del siglo XXI: el futuro de la narrativa en el mundo digital**, Barcelona: Alba,

van Dijk, Teun, **Racismo y análisis crítico de los medios**, Barcelona: Paidós,

Vilches, Lorenzo, **Taller de escritura para televisión**, Barcelona: Gedisa,
VV. AA. (Agencia EFE), **Manual del español urgente**, Madrid: Cátedra,
VV. AA., **A imaxe das mulleres nos medios de comunicación**, Santiago de Compostela: Servizo Galego de Igualdade,

Ao longo do cuadrimestre indicaranse outras lecturas específicas para cada tema.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Comunicación nas empresas e nas institucións en galego e español/V01G160V01501

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación oral e escrita: Español II/V01G160V01305

Comunicación oral e escrita: Galego II/V01G160V01405
